

Composición Histórica

O tema principal de estes textos é a Revolución Francesa, o cambio político-social mais importante que se produxo en Europa a finais do século XVIII.

Os textos que usarei para realizar esta composición son:

- Fragmento das vodas de Fígaro, 1874 (documento de natureza pública e historiográfico)
- Carta de convocatoria dos Estados Xerais, 1789 (documento de natureza pública e historiográfico)
- A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán, 1789 (documento de natureza pública e historiográfico)

Os feitos situámoslos en Francia, no século XVIII un país con altas taxas de natalidade e mortalidade polo cal con un crecemento da poboación bastante baixo, no que as actividades agrícolas eran a base da economía xa que as actividades artesanais e comerciais eran escasas e de curto alcance (a maior parte da produción era artesanal e realizábase en talleres), a sociedade estaba dividida en estamentos cada un deles con normas xurídicas diferentes e tendo o clero e a nobreza innumerables privilexios como o feito de non ter que pagar impostos ou a reserva de cargos públicos, a sociedade vivía baixo un réxime señorial o cal se trata de unha institución semellante ao feudalismo no que os dueños das terras eran os nobres, os eclesiásticos ou o rei e o sistema de goberno vixente era a monarquía absoluta, como na maioría dos reinos europeos un sistema onde o rei ten o poder absoluto e non hai división de poderes (executivo, legislativo e xudicial).

A corrente de pensamento vixente era a ilustración (unha das orixes da revolución, a ideoloxía alternativa) e as ideas de xente como Montesquieu, Rousseau e Voltaire xa fixeran mella na sociedade, sostían que o coñecemento humano podía combater a ignorancia a superstición e a tiranía para construír un mundo mellor e máis igualitario, onde poderíamos ser felices “Os representantes do pobo francés, constituídos en Asemblea Nacional, considerando que a ignorancia, o esquecemento ou o desprezo dos dereitos do home son as únicas causas das desgrazas públicas e da corrupción dos gobernos”, os seus principios básicos eran:

- Individualismo

O individuo debe ser a base sobre a que se deben establecer todas as relacións sociais, políticas e económicas.

- Liberdades e dereitos

Os individuos son portadores de dereitos fundamentais e inalienables, inherentes a natureza humana, que toda sociedade e sistema político debe defender e protexer. “Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos, as distincións sociais non poden fundarse máis que sobre a utilidade común”

Dereitos civís: os baseados na igualdade xurídica (todos os individuos son iguais ante a lei e non poden ser discriminados pola súa condición ou nacemento)

Dereitos políticos , dereito ao voto

- Soberanía da nación

Sistema no que se concede o poder do territorio aos seus cidadáns, que o aplican por delegación a órganos de representación. “O principio de toda soberanía reside esencialmente Nación. Ningún corpo nin individuo pode exercer autoridade que non emane expresamente dela”

- Constitución

Lei suprema que debe recoller os dereitos e liberdades dos cidadáns, a concepción da soberanía da nación e a organización dos poderes do Estado.

- Limitación e separación de poderes

Fronte ao poder absoluto ou ditatorial, o liberalismo defende a limitación do poder e a súa división funcional en tres grandes áreas: executivo (Goberno),lexislativo (Parlamento) e xudicial (tribunais).

Tamén era xeneralizada a situación de descontento social (outra das causas da Revolución) por parte do terceiro estado, especialmente a burguesía a cal a pesar da súa riqueza económica non tiña a penas influencias, debido o cal desexaban participar nos cargos e honores públicos “Esforzome para seguir unha carreira honorable e en todas partes véxome rexeitado. Aprendo a química, a farmacia, a cirurxía, e toda a influencia dun gran señor apenas basta para poñerme na man unha lanceta de veterinario” e eliminar os privilexios da aristocracia” todo iso é o que vos fai ser tan arrogante. Pero que fixestes para merecer esas fortunas? Tomástesvos a molestia de nacer, e nada máis”

Francia estaba pasando por unha crise de subsistencia provocada por un mal ano de malas colleitas e os gastos militares que supuxera apoiar aos Estados Unidos na súa loita cara a independencia “axudarnos a superar todas as dificultades en que Nos atopamos, relativas ao estado das nosas finanzas” (outra das causas da revolución, a crise)

O rei tivo que declarar o Estado en bancarrota e convocar en 1788 os Estados Xerais para intentar levantar o grave déficit orzamentario froito do non entendemento entre o monarca e a nobreza e o clero o cal se nega a pagar impostos (Motivo tamén da revolución, ruptura do poder dominante) “Estes importantes motivos determinaronnos a convocar a Asemblea dos Estados de todas as provincias da nosa soberanía, tanto para aconsellarnos e para asistirnos en todos os asuntos que serán expostos ante eles, como para facernos coñecer os desexos e as peticións dos nosos pobos”

Asistiron representantes de todas as clases sociais pero nunca se puido acadar ningunha solución xa que os votos eran por estamentos e a nobreza e o clero nunca cedían ante ningún cambio ou reforma polo ben do pobo

A controversia por tal inxustiza solucionouse cun novo sistema de cálculo máis equitativo, e o terceiro estamento puido tomar o control da situación, constituíndose en Asemblea Nacional (redactan A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán, texto 3), con todo aquilo xa non tería importancia pois o campesinado, farto dos xogos políticos da nobreza e a burguesía mentres os seus fillos morrían de fame, dirixiuse o 14 de Julio de 1789 cara ao símbolo da corrupción do estado

absolutista, a carcel da Bastilla donde tamén se fan con armas para enfrontarse as tropas francesas xa que temían que o rei tomara represalias e en 1792 proclamase a Primeira República francesa.

A Revolución Francesa tivo numerosas consecuencias e moitas de elas forman parte das bases da nosa sociedade actual como a primeira proclamación dos dereitos humanos universais, o lema de liberdade, igualdade e fraternidade conduciu a redacción da primeira lei de dereitos humanos sen distinción de raza nin credo nin nacemento base sobre a cal se sustentan todos os nosos dereitos ou o fin da orde feudal, cabouse coa monarquía e coa separación da sociedade en clases fixas e inamovibles: aristocracia, clero e servos foi así, renaceu a república como sistema de goberno, sistema que a día de hoxe permanece en moitos dos países do mundo.